

O PAPEL DOS PARLAMENTOS NACIONAIS E REXIONAIS

José María García Leira

Presidente do Parlamento de Galicia

Introducción

Nos últimos vinte anos e debido ó proceso de construción da Unión Europea, os estados e as rexións foron perdendo competencias a favor das institucións e órganos da Comunidade.

Actualmente, a Unión Europea non só é responsable da política comercial exterior, do funcionamento do mercado interior, a política agrícola común, a política estrutural rexional e as políticas comúns de transporte, medio natural, social e de investigación, senón que, ademais, a partir do Tratado de Maastrich de 1992 e do Tratado de Ámsterdam de 1997, a Unión tamén é responsable da moeda única, ten competencias en materia de política interior e de xustiza e está intentando establecer unha política exterior e de seguridade común.

Mentres Europa estende progresivamente as súas competencias a novos ámbitos dos estados e das rexións, o estado nación perde cada vez máis, a favor da Unión, a súa capacidade para regular, estimula-lo crecemento, garanti-lo emprego e aproveita-los recursos fiscais, e ó mesmo tempo, a importancia das rexións dentro dos Estados nación crece sen cesar, dándose este crecemento tanto no ámbito da política, da económica coma no cultural.

Así pois, as rexións aumentaron a súa importancia nos estados nación debido ás transferencias, á descentralización, ás reformas administrativas, ás novas competencias e a unha maior responsabilidade política baseada no principio de subsidiariedade. Ademais a importancia do papel que desempeñan a escala europea tamén se incrementa constantemente. Unha cousa impulsa a outra. Non obstante, sería un erro querer anula-lo estado nación, pois segue sendo, xunto coas rexións, o que determina o marco de referencia da identidade política e cultural dos cidadáns. Os gobernos nacionais son ante todo os suxeitos da integración europea, os que participan nos tratados constitucionais. Imos cara a un novo equilibrio de poder entre os tres niveis políticos: a rexión, os estados membros e a Unión Europea. Isto debe reflectirse tamén na construción e no funcionamento da Unión Europea.

Esta diminución progresiva de competencias por parte dos estados membros, a favor da Unión, vese compensada polo dereito que lles asiste a participar nas institucións da Unión, ó estaren os mecanismos de decisión da comunidade en mans dos órganos intergubernamentais (Consello de Ministros e Consello Europeo) e supranacionais (Comisión e Parlamento).

Polo contrario, no caso das rexións a perda de competencias, a favor da Unión, non se acompaña dunha previsión axeitada da súa representatividade e participación nos procesos comunitarios. Se examinamos a natureza e composición das institucións comunitarias, non existe en ningunha delas lugar para as rexións.

Os tratados fundacionais unicamente consideran as rexións como obxectos da política económica. Tanto as institucións rexionais coma os seus representantes non reciben ningún tipo de atribución relevante. As sucesivas revisións dos tratados, pese a recoñece-lo amplo proceso de rexionalización e descentralización política producido nos estados membros, non foron capaces de incorpora-la realidade e o nivel rexional á estrutura institucional comunitaria. No Tratado da Unión, a partir de Maastrich, recoñécese o nivel rexional a través principalmente da creación do Comité das rexións, pero outorgándolle a este o carácter de órgano meramente consultivo.

Este crecente poder comunitario, ó asumir competencias rexionais sen ningunha contrapartida institucional para estas, comporta o risco dunha desaparición progresiva do ámbito de competencia rexional convertendo as rexións en meros instrumentos de execución de decisións políticas emanadas dos órganos comunitarios.

Como consecuencia de todo isto as rexións veñen formulando cada vez con máis forza toda unha serie de propostas e medidas encamiñadas, dunha parte, a estrutura-las súas relacións coa nova organización supranacional co obxecto de tomar parte no proceso decisorio; e doutra parte,

a asociarse ós sistemas existentes no interior dos estados, encargados de elaborala posición nacional ante a Comunidade. En ámbolos dous casos coa finalidade de que teñan en conta os seus intereses, as súas opinións e propostas.

Os parlamentos nacionais e rexionais no proceso de integración europea. O déficit democrático

Desde o punto de vista da división de poder, a Unión Europea caracterízase por unha preponderancia do poder executivo ou, mellor, porque o poder lexislativo da Unión recae, principalmente, nos poderes executivos estatais (o Consello); o que deu lugar ó chamado «déficit democrático» da Unión, déficit que se multiplica en relación cos entes subestatais, pois o groso da participación rexional nas institucións europeas recae en órganos gobernamentais.

Coa idea de déficit democrático faise referencia á preponderancia dos gobernos estatais no proceso de integración europea, tanto respecto do Parlamento europeo, as atribucións do cal non compensan a postulación experimentada por aqueles.

A transferencia de competencias do nivel nacional ó nivel europeo realízase esencialmente en beneficio do Consello e o Parlamento europeo non recibiu os poderes que lle permitiran desempeñalo pleno papel dun Parlamento en materia comunitaria. Así pois, creouse un «déficit democrático» estrutural que o Parlamento europeo e os parlamentos nacionais non poden senón deplorar e tratar de reduci-lo conxuntamente.

Nos estados con formas de distribución territorial do poder, ó protagonismo dos executivos sobre o lexislativo engádeselle o protagonismo desenvolvido polos órganos centrais fronte ós entes territoriais, no que algúns deron en chamar «déficit de descentralización». (Pablo Pérez Tremps: «a reforma do Senado ante a Unión Europea»). Na medida en que a descentralización fomenta valores democráticos como a participación ou a proximidade entre gobernantes e gobernados, tamén se podería falar dun déficit democrático neste caso.

Por unha e outra vía os cidadáns europeos experimentarían o progresivo alonxamento dos centros de decisión política ó tempo que a insuficiencia ou ausencia de mecanismos de participación e control eficaces.

Unha das liñas de reacción para palia-lo déficit democrático tende a realza-lo papel das asembleas lexislativas no concerto europeo, sexa das cámaras nacionais sexa do propio Parlamento europeo.

Polo que se refire a este último, aínda que dista moito de conseguirse un punto de razoable equilibrio institucional, son innegables os progresos experimentados tanto desde o punto de vista das súas atribucións coma da súa lexitimidade democrática. Non podemos esquecer que na decla-

ración de Laeken de decembro de 2001, se afirma con rotundidade que a Unión Europea debe ser «máis democrática, transparente e eficaz».

Polo que atinxe ós parlamentos nacionais, sinala-lo papel fundamental que conservan nalgúns aspectos decisivos da política europea. Desde xeito, a reforma do Tratado ou a entrada de novos socios na Unión Europea debe ser aprobada ou ratificada polos parlamentos nacionais.

Unha reacción xeneralizada nos parlamentos nacionais foi a creación no seu seo dunha comisión especializada no seguimento dos asuntos europeos. No caso español, a Lei 47/1985, do 27 de decembro, de bases de delegación ó Goberno para a aplicación do dereito das comunidades europeas creou a Comisión mixta Congreso-Senado para as comunidades europeas. Trala súa reforma pola Lei 18/1988, do 1 de xullo, a Comisión, denominada dende entón Comisión mixta para a Unión Europea, foi regulada pola Lei 8/1994, do 19 de maio.

A reflexión sobre o papel que se lles debe reservar ós parlamentos nacionais no ámbito comunitario, así como a conveniencia de logra-la súa máis fluída interrelación co Parlamento europeo, aínda que non se pode dar por concluída si que está bastante estendida e ten o seu reflexo nos propios tratados.

Así a Declaración nº 13 do Tratado de Maastrich relativa ó cometido dos parlamentos nacionais na Unión Europea considera importante fomentar unha maior participación destes, intensificando o intercambio de información co Parlamento europeo e comprometendo ós estados para que os parlamentos nacionais poidan dispoñer con antelación suficiente das propostas lexislativas da Comisión. Avoga igualmente esta declaración por intensifica-los contactos entre os parlamentos nacionais e o Europeo a través da realización de reunións periódicas.

A Declaración nº 14, relativa á Conferencia de parlamentos, invita ó Parlamento europeo e ós nacionais a reunirse baixo a forma de conferencia de parlamentos, á que se lle consultará sobre as grandes orientacións da Unión Europea. Ata a actualidade só tivo lugar unha conferencia deste tipo en Roma en novembro de 1990, organizada co obxecto de influír na preparación do Tratado de Maastrich.

Maior éxito, en cambio, tivo a Conferencia de presidentes de parlamentos ó igual que o COSAC (Conferencia de órganos especializados nos asuntos comunitarios) xurdida no ano 1989.

No Tratado de Ámsterdam, 1997, recóllese un protocolo sobre o cometido dos parlamentos nacionais na Unión Europea que se incorpora como anexo ó Tratado da Unión Europea e ós tratados constitutivos das comunidades europeas. O dito protocolo incide en dous aspectos, a información ós parlamentos nacionais e a COSAC. Polo que se refire á primeira alínea, a información amplía o seu ámbito a tódolos documentos de consulta da Comisión, e coa finalidade de que as propostas lexislati-

vas da Comisión, se lles comuniquen con antelación suficiente ós parlamentos nacionais, dispón que agás excepcións derivadas de motivos de urxencia, entre a transmisión dunha proposta legislativa da Comisión ó Parlamento europeo e ó Consello e a data da súa inclusión na orde do día do Consello debe transcorrer un período de seis semanas.

Polo que se refire á COSAC, establécese que poderá dirixir ás institucións da Unión Europea calquera contribución que xulgue conveniente, baseándose en particular en proxectos de textos normativos que os representantes dos gobernos decidan de común acordo transmisíble. As contribucións da COSAC non son vinculantes para os parlamentos nacionais nin prexulgan a súa posición.

Dentro desta liña de incrementa-lo papel dos parlamentos nacionais no contexto europeo, cabe sinala-la idea apuntada polo presidente da Convención sobre o Futuro da UE, Valery Giscard D'Estaing, sobre a posibilidade de que estes pidan chegar a obrigar á Comisión Europea para que revise as súas normas se consideran que estas poden invadir competencias nacionais, e no suposto de que se produza un número significativo de avisos deste tipo a Comisión deberá revisa-la súa proposta. De persisti-lo desacordo os parlamentos nacionais poderán recorrer ó Tribunal de Luxemburgo.

A segunda liña de reacción, contra o monopolio da actividade europea polos órganos centrais do estado en menoscabo das entidades subestatais, ó igual que no caso anterior, ten un dobre campo de manifestación, o propiamente europeo por unha parte, e no ámbito interno de cada estado pola outra.

1.- Na esfera comunitaria europea pode citarse a Carta comunitaria de rexionalización aprobada no ano 1988 polo Parlamento europeo, na que se invita a tódolos estados membros a institucionala rexións.

Tamén temos que referirnos a unha serie de organizacións paracomunitarias, como pode se-la Asemblea de rexións de Europa (ARE), o Consello de municipios e rexións de Europa e a Unión internacional de cidades e autoridades locais. No ámbito do Consello de Europa hai que cita-lo Congreso de poderes locais e rexionais. Pero sen dúbida o fito máis importante neste movemento é o Comité das rexións creado polo artigo 198.a do Tratado da Unión Europea como órgano consultivo do Consello e a Comisión.

Aínda que se trata dun primeiro avance, o Comité das rexións non supón unha solución satisfactoria xa que ó seu carácter meramente consultivo únese, o feito de que non se integra exclusivamente por representantes rexionais o que, loxicamente, non podía ser doutra maneira dada a existencia de estados membros da Unión Europea sen distribución territorial do poder.

O propio comité no seu dictame, sobre a revisión do Tratado da Unión Europea e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea de 1995 avogaba por un reforzamento da súa posición e atribucións.

2.- A nivel interno dos estados a gran cuestión é garanti-las vías de participación dos entes subestatais no proceso de formación da vontade estatal. Na medida en que a integración europea implica que gran número de cuestións de competencia rexional se decidan e regulen nas instancias comunitarias, xorde a necesidade de darlles unha canle de participación a estes entes.

Polo que se refire ó Estado español, cómpre destacar que a Administración central admitiu finalmente a participación das comunidades autónomas nos comités da Comisión Europea. Para estes efectos as comunidades autónomas acadaron un acordo unánime para repartirse a presenza nos comités en función dos intereses de cada unha e por períodos de tempo concretos. A regra xeral é que a representación autonómica nos comités a posúen conxuntamente dúas comunidades autónomas por un período de catro anos.

Garantir unha maior participación dos parlamentos estatais na integración europea pode paliar-lo déficit democrático, aínda que non resolverá o problema da falla de participación das comunidades autónomas.

Respecto deste papel que deben xoga-los parlamentos rexionais no proceso de integración europea, estanse tomando as primeiras medidas xurídicas, se ben por comparación con outros países, a resposta neste punto no caso de España é modesta, e consiste principalmente en adaptacións organizativas e regulamentarias das cámaras.

O 11 de novembro de 1995 o relatorio da Comisión xeral das comunidades autónomas do Senado elaborou un informe sobre o papel dos entes territoriais no futuro da Unión Europea, e aínda que como indica o seu título, o informe se dedica á participación rexional e, polo tanto, dos seus poderes executivos, nunha das súas conclusións sinala: «O relatorio considera importante potenciar e desenvolve-las relacións entre o Parlamento europeo e os parlamentos das comunidades autónomas, co fin de coñecer mellor os problemas que afectan ós cidadáns nas distintas esferas e, polo tanto, mellora-la súa eficacia na resolución destes».

Non obstante, ata a actualidade, o fito fundamental no proceso de progresiva implicación dos parlamentos rexionais na política europea constitúeo o Documento de Oviedo sobre o papel das asembleas lexislativas rexionais na Unión Europea. Este documento é o resultado do Encontro de presidentes de asembleas lexislativas rexionais de Europa convocado pola Xunta Xeral do Principado de Asturias os días 6 e 7 de outubro de 1997.

A necesidade de compartir experiencias e inquiredanzas cos outros parlamentos rexionais europeos e o interese en reivindicar, formalmente, o noso espacio en Europa, foi o que motivou en 1995 a creación da Conferencia de presidentes de asembleas lexislativas das rexións de Europa, a CALRE.

A CALRE, auspiciada polo presidente da Xunta Xeral do Principado de Asturias convocou a súa primeira reunión en Oviedo. Nela teñen participación os presidentes dos parlamentos/assembleas das rexión de Europa con competencias lexislativas e está integrada por máis de 60 asembleas, españolas, italianas, belgas, alemanas, austríacas, finlandesas, portuguesas, danesas, de Irlanda do Norte, Gales e o Parlamento escocés do Reino Unido. Estas cámaras son os órganos lexislativos que posúen a representación de máis de douscentos millóns de cidadáns europeos.

A CALRE é o lugar de encontro dos presidentes das cámaras e o noso desexo é participar activamente no proceso de construción da Unión Europea, achegarlles este ente supranacional ós cidadáns ós que representamos directamente, xa que os parlamentos, polo seu sistema de elección, están lexitimados para facelo e ademais poden actuar como intermediarios entre Europa e os cidadáns da Unión e crear conciencia europea entre a poboación.

As asembleas lexislativas rexionais non queremos permanecer á marxe da configuración de Europa nin renunciar á participación no seu futuro. Moito menos neste momento de cambio, de ampliación e de reforma das institucións.

Se pretendemos atalla-la eterna crítica do déficit democrático, temos que ensamblar axeitadamente os tres niveis parlamentarios da Unión, o propiamente europeo, o nacional e o rexional. Estou plenamente convencido de que a lexitimidade política europea será mellor aceptada por parte dos cidadáns na medida en que estean máis próximos a eles os niveis de decisión. Os parlamentos podemos se-la cadea de transmisión das directivas europeas que afectan ó noso marco de competencias lexislativas. Podemos fomenta-lo intercambio de información a través de redes informáticas que poidan satisfacer-las aspiracións da cidadanía de cara a unha verdadeira participación na marcha dos asuntos públicos. E, definitivamente, merecemos ser consultados.

Despois de analizar brevemente as conclusións dos distintos encontros da CALRE pódese asegurar que esta iniciativa resulta positiva e que boa parte dos obxectivos que se estableceron nos encontros de Oviedo, Salzburgo, Florencia, Santiago de Compostela e Madeira se están cumprindo.

Con posterioridade á primeira conferencia en Oviedo conseguiu-se dispoñer de seis escanos por cada punto da orde do día da cada reunión da Comisión de política rexional do Parlamento europeo en Bruxelas,

ante a que cada presidente de Parlamento ten dereito a intervir. Nestes anos fíxose uso destes escanos preferentemente polos parlamentos españois, belgas e italianos.

Co obxecto de mellora-la formación dos deputados rexionais e dos funcionarios ó servizo das respectivas asembleas, propiciouse tamén a sinatura dun convenio co Instituto europeo de administracións públicas e programáronse xa cursos diversos en Maastrich.

Na II conferencia que tivo lugar en Salzburgo, no ano 1998, a preocupación que manifestaron os presidentes de parlamentos foi o correcto funcionamento do principio de subsidiariedade. As rexións necesitan estar en disposición de defende-las súas propias competencias fronte á Unión Europea. Neste sentido, solicitábase o recoñecemento pleno dos parlamentos rexionais na Unión Europea como parlamentos nacionais. Un punto polémico que se retomou na Conferencia de presidentes no País Vasco e sobre o que non se acadou unanimidade.

En Florencia, ano 1999, presentouse como un reto crear no seo de cada parlamento unha comisión de asuntos europeos para, entre outras cuestións, avalia-las accións dos gobernos rexionais. Os parlamentos españois contan na totalidade hoxe con estas comisións.

A este respecto e polo que se refire ó Parlamento de Galicia sinala-la Comisión para asuntos europeos que se constituíu por primeira vez na pasada lexislatura, por acordo do Pleno do Parlamento do 13 de abril de 1999.

Trátase dunha comisión permanente non lexislativa que se constitúe ó principio de cada lexislatura e finaliza os seus traballos ó terminar esta, é dicir, cada 4 anos. A última data de constitución foi o 6 de xuño de 2002.

Está integrada por catorce membros, distribuídos entre os grupos parlamentarios en proporción á representación que cada un deles ten na Cámara.

Entre as súas competencias destacan:

1.- Formularlle preguntas ó Goberno da Comunidade Autónoma sobre os programas de traballo, as previsións plurianuais, os documentos intersectoriais de reflexión e as grandes directrices políticas das institucións comunitarias europeas que puidesen afectar á Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Fixa-la posición da Cámara respecto dos asuntos comunitarios europeos de orde institucional e das políticas comunitarias xerais mediante proposicións non de lei e comunicacións do Goberno da Comunidade Autónoma.

3.- Solicitar e recibir información e documentación do Goberno da Comunidade Autónoma sobre os seguintes aspectos:

a) Materias debatidas no Comité das rexións e na conferencia sectorial para asuntos relacionados coas comunidades europeas, enmarcada no Ministerio para as Administracións Públicas.

b) Situación de transposición de directivas e execución das decisións dos regulamentos comunitarios de ámbito multidepartamental que afecten ás competencias xurídicas substantivas da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Evolución dos expedientes incoados pola Comisión Europea contra o Reino de España por acción ou omisión da Comunidade Autónoma de Galicia en materia da súa competencia.

4.- A aplicación á referida Comisión das normas de organización e funcionamento establecidas con carácter xeral para as restantes comisións parlamentarias permanentes.

Finalmente, entre as súas actividades caben destaca-las reunións de traballo periódicas que establece a propia Comisión, as sesións con expertos en asuntos europeos e contactos, viaxes e intercambios coas institucións comunitarias.

Na IV Conferencia de presidentes de asembleas legislativas das rexións de Europa tivo lugar en Santiago de Compostela o ano 2000.

Nesta IV Conferencia ós temas recorrentes neste tipo de reunións, é dicir á busca de fórmulas para encamiña-la participación dos parlamentos no proceso de integración europea engádense outras preocupacións como son o medio natural, os movementos migratorios, o emprego, a paz e a Carta europea dos dereitos fundamentais da Unión Europea.

En Santiago tamén se reitera a necesidade de que as asembleas legislativas rexionais estean representadas na Conferencia de órganos especializados en asuntos comunitarios (COSAC).

En outubro de 2001 a CALRE reuniuse en Madeira para debate-lo seu propio Regulamento de funcionamento e abordar dous relatorios de actualidade, a gobernanza europea e a descentralización, e a democracia virtual. A Declaración de Madeira, aprobada por unanimidade por tódolos presidentes das asembleas con poderes legislativos das rexións da Unión Europea analiza os resultados da Conferencia intergubernamental de Niza; realiza unha serie de propostas concretas de cara á seguinte conferencia que se celebrará no 2004; aborda outros temas rexionais; o estatuto da Carta dos dereitos fundamentais da Unión; o papel dos parlamentos na arquitectura de Europa; a ampliación a novos estados membros e a contribución dos parlamentos rexionais ante esta nova Europa.

De entre tódalas cuestións que, en definitiva, buscan reafirma-la participación das institucións legislativas rexionais no proceso de redefinición dunha Unión que promova a seguridade, a paz e o benestar en Europa, hai un acordo que me parece realmente interesante.

Os presidentes propoñen que, entre os asuntos que se traten durante a próxima conferencia intergubernamental, se inclúa o papel e o estatuto das rexións, de tal maneira que teñan un tratamento específico para a consagración nos tratados dun futuro «estatuto das rexións dotadas de poder lexislativo». Este estatuto debería conte-los dereitos procesuais das rexións; o establecemento de contactos institucionalizados co Parlamento europeo e o Comité das rexións e o recoñecemento do dereito das rexións a presentar contribucións en aplicación do principio de proximidade, subsidiaridade e proporción.

A próxima cita da CALRE é neste mes de outubro en Bruxelas, organizada polo presidente da comunidade flamenca en Bélxica. O borrador do documento presentado por este presidente sobre a convención europea, que pretende ser debatido e aprobado por unanimidade, propón crear unha estrutura que garanta a implicación activa da CALRE dentro do Comité das rexións. Neste sentido e de forma máis concreta, suxírese que o Comité permanente da CALRE, integrado polos presidentes da conferencia actual e anterior e por un presidente-coordinador por cada un dos estados nacionais, actúe como observador das reunións dos presidentes de goberno e controle as actividades da convención. Proponse, igualmente, coa consideración dos presidentes a creación dunha representación permanente da CALRE no Comité das rexións e, por último, a constitución dun grupo de traballo que realice unha contribución consensuada na discusión sobre a gobernanza europea e o papel e posición das rexións dentro das futuras estruturas europeas.

É preciso un maior esforzo por harmonizar fórmulas de participación dos parlamentos rexionais na integración europea. Estimo que só cun achegamento lograremos que a Unión Europea integre con efectividade os parlamentos nas institucións europeas. É preciso recordar que a participación en Europa non ten sentido de maneira fragmentada, como se as rexións puideran vincularse pola súa conta ós órganos da Unión.

Os parlamentos rexionais teñen que ter voz propia na construción de Europa e o debate aberto para a reforma institucional na Unión Europea ata a Conferencia intergubernamental do ano 2004 vainos permitir tela.

Precisamente o presidente da Comisión Europea, Romano Prodi, avogou por darlles unha maior participación ás comunidades autónomas e ás entidades locais na preparación das decisións que se adoptan na Unión Europea. A adopción do Libro Branco da Gobernanza pretende, coas medidas que suxire, reforza-la confianza da poboación na Unión Europea antes do próximo ciclo de reforma institucional.

Respecto á canle de participación dos parlamentos rexionais non podo eludi-la principal dificultade que seguramente todos vostedes in-túen: o maior peso dos executivos autonómicos. Pese a que é indubida-

ble que o seu protagonismo pode ser aínda maior, os gobernos rexionais están atopando un espacio na engrenaxe europea tanto en conferencias sectoriais estatais coma nos comités da Comisión Europea.

Nembargantes, o Comité das rexións no seu dictame do 17 de febreiro de 2000 sobre a Conferencia intergubernamental apoiaba, por un lado, «os esforzos dos parlamentos rexionais con competencias lexislativas en pro dun maior desenvolvemento dos contactos institucionais co Parlamento europeo».

E, por outra parte, no mesmo dictame, con relación ó nomeamento dos membros do Comité das rexións, avogaba por examinalos principios establecidos e sinalaba que «deberán ser titulares dun mandato democrático nunha entidade rexional ou local ou ser politicamente responsables ante unha asemblea elixido por sufraxio universal directo».

A Asemblea rexional de Murcia, nunha xornada que tiveron lugar esta primavera sobre a gobernanza europea formulaba a necesidade de que os parlamentos rexionais estean implicados na toma de decisións a nivel europeo. As conclusións sinalaban a presenza das cámaras rexionais no Parlamento europeo, no Comité das rexións ou a creación dunha cámara de representación territorial, un Senado europeo. Outra opción á que xa me referín con anterioridade versa sobre a participación na Conferencia de órganos especializados en asuntos comunitarios (COSAC).

Non obstante, teño que dicir que son máis partidario de que a Conferencia de presidentes de parlamentos rexionais europeos obteña o recoñecemento que esperamos e que co debate aberto parece ser posible. Estimo que se a Unión realmente aposta por permitir que entremos na dimensión europea é máis factible formar parte dun órgano xa creado que inventarnos un novo, cando precisamente o que pretende coa gobernanza é racionalizalas institucións e que sexan máis eficaces e comprensibles para os cidadáns.

Pero aínda que a vía sexa discutida é indubidable que neste gran debate europeo debemos traspasalas elites e permiti-lo achegamento dos cidadáns para que se sintan partícipes e protagonistas dun proxecto en común.

Os parlamentos rexionais encarnan, como institucións democráticas que son, uns valores que hoxe, máis que nunca, hai que defender e divulgar: o respecto ós dereitos humanos, a supremacía da palabra sobre a violencia, a convivencia en paz, a tolerancia e o respecto á diversidade social e cultural, a liberdade, a xustiza, a solidariedade. Valores cunha dimensión internacional que deben axudarnos a guía-lo noso futuro na Europa dos 27.

A Cámara lexislativa galega afronta o reto da construción europea coas mesmas inquedanzas e esperanzas que calquera parlamento español ou

europeo. Os cidadáns ós que representamos son europeos e queremos que a súa voz se escoite en Europa coa mesma intensidade cá dos demais cidadáns dos estados membros e remato, confiando en que os traballos da Convención europea contribúan a «unha nova fundación intelectual do futuro da Unión Europea» como dixo no seu discurso, pronunciado en Bruxelas o 28 de febreiro deste ano, o presidente da Convención europea para a reforma dos tratados, Valery Giscard D'Estaing. 